

## **CAMPAMENTO VERÁN 2023**

### **INFORMACIÓN XERAL:**

**IDADES:** Crianzas a partir de 3 anos (cumpridos e autosuficientes) ata 16 anos.

**PAZAS:** 150 prazas

**HORARIO:** de luns a venres de 8:30 a 15:30h

**PREZOS:**

MES: Soci@s 95,00 € 2º fill@ 80 € | Non soci@s 130,00 € 2º fill@ 120 €

QUINCENA: Soci@s 55,00 € 2º fill@ 50 € | Non soci@s 75,00 € 2º fill@ 65 €

DÍAS SOLTOS: Soci@s 10,00 € | Non soci@s 15,00 €

XUÑO: Soci@s 30,00 € | Non soci@s 45,00 €

SETEMBRO: Soci@s 30,00 € | Non soci@s 45,00 €

\*As crianzas que precisen acudir por días soltos deberán avisar na oficina do Centro Cultural cun día de antelación, como mínimo. Habrá un número limitado de prazas distribuídas por idades. Unha vez completadas, non se poderán acoller máis crianzas.

### **AULA MADRUGA:**

**AULA MADRUGA (de 7:30 a 8:30h):**

MES: Soci@s 25,00 € 2º fill@ 20 € | Non soci@s 35,00 € 2º fill@ 30 €

QUINCENA: Soci@s 15,00 € 2º fill@ 10 € | Non soci@s 20,00 € 2º fill@ 15 €

XUÑO E SETEMBRO: Soci@s 7,00 € | Non soci@s 9 €

DÍAS SOLTOS: Soci@s 7,00 € | Non soci@s 10,00 €

### **PROCESO DE ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE PRAZAS:**

As prazas ofertadas adxudicaranse seguindo a seguinte orde:

1º Familias monoparentais nas que a persoa titora traballe en horario de apertura do Campamento (aportarase certificado da empresa indicando o horario e Certificado de Familia monoparental expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia).

2º Familias nas que as dúas persoas titoras traballen en horario de apertura do Campamento (aportarase certificado da empresa indicando o horario).

3º Daráselle preferencia ás crianzas que elixen o mes completo sobre os que elixan unha quincena.

4º Socia/o do Centro Veciñal e Cultural de Valladares

5º Orde de inscrición.

As fichas de preinscrición poderán descargarse da páxina web ou solicitarse nas oficinas do Centro Cultural en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h. Poderán entregarse nas oficinas no horario arriba referido a partir do 5 de maio.

Unha vez adxudicada a praza, deberán facer efectivo o pago do mes ou quincena antes do fin do prazo establecido neste documento (nas oficinas: en efectivo ou con tarxeta ou, preferiblemente, no número de conta ES16 2080 5082 3130 4000 1487 enviando, a continuación, unha copia do pago a [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es)). De non ter constancia do pago na data límite, procederase á adxudicación da praza á seguinte persoa na lista de espera.

### **ADEMAIS EN AGOSTO...**

**CAMPAMENTO DE LECER CREATIVO**

A partir de 12 anos con obradoiros temáticos por quincenas.

\*De balde para socias/os no caso de ser subvencionado pola Xunta.

## **DATAS E PRAZOS:**

Inicio das inscricións:

- ✓ 05/05/23

**PARA XUÑO (dende o 22 ó 30 de xuño):**

- ✓ 01/06/23: Data límite de inscrición para xuño.
- ✓ 07/06/23: Publicación lista admitidas/os de xuño e provisional do resto de meses.\*
- ✓ 14/06/23: Data límite de pago de xuño.

**PARA XULLO:**

Completo e 1ª quincena (do 3 ó 14 de xullo)

- ✓ 08/06/23: Data límite de inscrición para xullo.
- ✓ 15/06/23: Publicación lista admitidas/os
- ✓ 22/06/23: Data límite de pago de xullo.

2ª Quincena (do 17 ó 31 de xullo)

- ✓ 23/06/23: Data límite de inscrición da 2ª quincena de xullo.
- ✓ 29/06/23: Publicación lista admitidas/os da 2ª quincena de xullo.
- ✓ 07/07/23: Data límite de pago da 2ª quincena de xullo.

**PARA AGOSTO:**

Completo e 1ª quincena (do 1 ó 14 de agosto)

- ✓ 11/07/23: Data límite de inscrición de agosto.
- ✓ 17/07/23: Publicación lista admitidas/os para agosto.
- ✓ 24/07/23: Data límite de pago para agosto.

2ª Quincena (do 17 ó 31 de agosto)

- ✓ 25/07/23: Data límite de inscrición para 2ª quincena de agosto.
- ✓ 31/07/23: Publicación lista admitidas/os para 2ª quincena de agosto.
- ✓ 07/08/23: Data límite de pago da 2ª quincena

**PARA SETEMBRO (dende o 1 ó 8 de setembro):**

- ✓ 08/08/23: Data límite de inscrición para setembro.
- ✓ 17/08/23: Publicación lista admitidas/os para setembro.
- ✓ 24/08/23: Data límite de pago para setembro.

\* Esta lista provisional comprenderá as familias que cumpran todos os requisitos (puntos 1º ou 2º mais 3º e 4º do proceso de adjudicación). É dicir, as persoas que aparecen na mesma teñen praza asegurada. O resto entrarán en lista de espera ate a publicación da lista final de admitidas/os.

## **RECEPCIÓN E RECOLLIDA DAS CRIANZAS (CADA DÍA):**

◦ As crianzas deixaranse na zoa que se habilitará para este efecto. (As persoas acompañantes non poderán acceder ás aulas onde se desenvolve o campamento).

**Medidas para a saída:**

- As crianzas recolleranse na zoa habilitada para este efecto a partir das 13:30. Antes desta hora no espazo onde estea o grupo desenvolvendo a actividade.
- Informarase á persoa que recolle se houbo algunha incidencia.

## **OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO:**

- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
- A identificarse para a recollida das crianzas á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizadas/os na solicitude.
- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado campamento, así como as de réxime interno das instalacións.

## **IMPRESINDIBLES:**

- Roupa e calzado cómodo, que permita xogar e facer obradoiros. Colocar o nome.
- Gorra e mochila . Colocar o nome.
- Auga e merenda para a media mañá.
- Protección solar : aplícala na casa antes de saír.
- Roupa de muda: Deixarase, no campamento, unha muda completa (incluído calzado) por se sucedera algún imprevisto.
- No caso de actividades de auga: toalla de praia, bañador e calzado (serán avisados polos/as monitores/as nos días anteriores á actividade).
- **Non se permiten aparatos electrónicos de ningunha índole, xoguetes ou obxectos de valor.** O Centro Veciñal non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro. De ser detectados, seranlle retirados ata a saída dese día.